O ENTROIDO

JACOBO. 6ºB

O Entroido é celebrado en toda Europa dende épocas descoñecidas. Non se sabe con certeza a súa orixe, algúns pensan que vén da tradición celta, outros afirman que os comezos desta festa, pódense atopar na adoración a Baco ou Dionisos.

Coa chegada do cristianismo, moitas das festas pagás, que eran antigamente celebradas foron tomadas e cristianizadas. Deste xeito, esta celebración que tiña posiblemente o seu significado nas despedidas dos longos e duros días de inverno, mesturáronse coa despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma que comeza no día mércores de Cinza (é dicir "corenta días antes do domingo de Ramos").

As orixes das palabras que denominan a festa son: o termo "Carne Vale"("e dicir adeus a carne") do que despois derivou a palabra "Carnaval";ó termo "introitun" (que significa "a entrada da Coresma") do que vén a palabra "Entroido" ou "Antroido".

O Entroido quere significar a volta o mundo ó revés.As características destes días son: comer, beber e cantar, rirse do mais sagrado; é dicir, as cousas que non se fan habitualmente.

O Entroido subsiste debido a que é unha festa que invita a participación de todos. O anonimato que proporcionan as máscaras e os disfraces é un dos seus principais atractivos.

En Galicia o Entroido celébrase dende sempre.

Os Cigarróns son personaxes enmascarados e adornados (Verín), as Pantallas que amolan ós viandantes con dúas vexigas cheas de aire (Xinzo de Limia).

Os Peliqueiros son personaxes que se distinguen pola súa animalización: non falan, zorregan á xente e levántanlle a saia ás mulleres(Laza).

Os Correos que van pola veciñanza ofrecendo "canten" a todas as casas a cambio dunha doazón.

Nalgunhas parroquias celébranse tamén encontros ou "saltos"entre os Xenerais, facendo un repaso satírico da súa vida cotiá. Os disfraces do medio rural sempre foron moi variados, a súa simbolización é a da volta o mundo o revés... Algúns, vestíanse coa roupa do revés.

Dende o século XIX, comezou a celebrarse nos liceos de cidades e vilas un Entroido mais burgués, con disfraces e bailes mais elaborados. Xa no século XX o Entroido foi perseguido, polo que algunhas tradicións perdéronse. Pero o que sempre primou do Entroido, é o espírito de critica contra todo e a posibilidade dicir cousas con ton de sátira.

Dentro da filosofía do Entroido está comer e beber ata o limite. En Galicia a comida sempre foi un elemento fundamental, sendo as máis tradicionais: as filloas, a cachucha, as orellas, os grelos, o lacón, a bica ou o caldo que son consumidos en masa e son ideais para estas datas do inverno.

O ENTROIDO NO PIO XII

No noso colexio fixemos un desfile polo patio,tanto os de infantil como os de primaria desfilabamos ensinando os nosos disfraces. Dimos dúas voltas e despois fomos cara a pista, agás os de infantil que quedaron abaixo. Na pista puxéronnos musica, e globos por todas partes. Alí bailamos moito temos os compañeiros e compañeiras. Despois, cando a festa estaba a piques de rematar soltaron os globos. Ao final todos voltamos un pouco tristes. Xa rematara a festa, pero no fondo sempre quedará o recordo deste Entroido.